



## ACTA Nº 58

### ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral extraordinaria, celebrada o día 7 de xullo de 2018, ás 21:00 horas nos locais da Casa do Deporte, cos seguintes membros asembleístas:

#### Asistentes

D. Román Blanco Casal	Club Bueu Atl.
D. Hugo Rodríguez	Club Bm. Cangas
D. Perfecto Parapar	Club Bm. Camariñas
D. Rubén Fernández	Club Bm. Cañiza
D. Roberto Selín García	Club Bm. Culleredo
D. Manuel Docampo	Club Sd. Carballal
D. Antonio Díaz	Club Bm. Ferrolterra
D. Juan Ben	Club A.D. Galicia Social
D. Iván Pérez	Club UB. Lavadores
D. Óscar Fernández	Club Bm. Luceros
D <sup>a</sup> Silvia Lobato	Club Asmubal Meaño
D. Andrés Senra	Club Atl. Novás
D. Víctor Novoa Carrera	Club Bm. Pabellón Ourense
D. Augusto Aláez	Club ED. Poio
D. Aurelio Barreiro	Club Bm. Pontedeume
D. Lorena Lago Seijo	Club Bm. Porriño
D. Xosé Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D <sup>a</sup> Aurelio Kroock	Club S.A.R.
D. Manuel Da Silva Sousa	Club Seis do Nadal
D. Víctor Garrido	Club Bm. Xallas Fútbol
D. José A. Rodríguez Fraga	Club Ad. Xiria
D. Abel Estévez Carrera	Adestrador
D. Olga M <sup>a</sup> García Ballesteros	Adestrador
D. José M <sup>a</sup> Cid Teixeira	Xogador
D. Adrián Menduiña Gutiérrez	Xogador
D. Víctor Rivera Diz	Árbitro

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Xosé Luis Pérez Ouro, estando na mesa da presidencia Ricardo Agulló (Pte. Cte. Actividades), José Manuel Pérez Otero (Delegado Ourense), Fernando Eiras Abalde (Pte. Cte. Árbitros) a Secretaria Xeral D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Pte. D. Xosé Luis Pérez Ouro, para informar de que estamos en ano de eleccións, e que hai que aprobar o calendario e o regulamento electoral, o mesmo está baseado no modelo de regulamento que envía a Secretaria Xeral trasladado ao balonman.

Informa que a partir desta asemblea na que se deberán aprobar o regulamento e o calendario electoral, da comenzo o proceso de eleccións. Hai que nomear unha Xunta Xestora que estará composta de 9 membros, que estará presidida polo Pte.da Federación José Luis Pérez Ouro, 4 membros serán elixidos pola Comison Delegada e deberán estar representados todos os estamentos, clubs deportistas arbitros e



adestradores, e 4 membros da Xunta Directiva da federación que son os que exerceran a dirección da federación ata o nomeamento do novo Presidente.

Convocarase en breve á Comisión Delegada que é a que elixirá que persoas compoñeran a Comisión Xestora da Federación.

O Sr. Ouro informa que nesta assemblea hai que nomear a Xunta Electoral a cal componse de 3 membros 3 titulares e 3 suplentes que teñen que reunir uns requisitos que aparecen no regulamento. O Sr. Ouro solicita que se presenten tres voluntarios, xa que di que deberían saír e non ter que facelo por votación.

O representante do Club Poio Sr. Aláez pregunta dónde ten a sede a xunta electoral e donde se reunirá.

O Sr. Ouro di que a sede e as reunións serán na Federación.

Presgunta o Sr, Aláez se houbo moitas modificación co anterior regulamento.

O Sr. Ouro di que as modificacións son as que houbo que facer por lei, pero que o número de assembleístas por parte dos representantes del clubs é o cupo máximo.

O Sr. Ouro solicita que se presenten voluntarios á xunta electoral.

Preséntanse os seguintes voluntarios: Maria José Rego, Augusto Aláez, Vicente Rúa Santos, Manuel Soto, José M<sup>a</sup> Cid e Aurelio Barreiro.

Queda composta a Xunta Electoral sendo titulares e suplentes:

Titulares: Maria José rego (Club Lavadores), Augusto Aláez (Club Poio), Aurelio Barreiro (Club Pontedeume).

Suplentes: Manuel Soto (Club Chapela), Vicente Rúa Santos (Club Carballal) e José M<sup>a</sup> Cid Teixeira (xogador).

A continuación o Sr. Ouro informa de que agora hai que aprobar o calendario e o regulamento electoral. di que despois de que a Asemblea os aprrobe hai que remitilo á Secretaría Xeral para a súa ratificación, polo cal pide a assemblea que si hai que facer alguna modificación ao mesmo, sexa a Comisión Delegada a que poida aprobar as modificacións que dicte a Secretaría Xeral.

Procédecese á votación para:

**APROBACIÓN DO CALENDARIO E REGULAMENTO ELECTORAL:**

SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

**AUTORIZAR A COMISIÓN DELEGADA A REALIZAR OS CAMBIOS QUE DICTAMINE A SECRETARIA XERAL NO CALENDARIO E NO REGULAMENTO ELECTORAL**

SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

Sen máis asuntos que tratar, péchase a assemblea extraordinaria en Vigo, sendo as 21:30 horas do sete de xullo de 2018

O Presidente  
Xosé Luis Pérez Ouro



A Secretaria,  
M<sup>a</sup> Luísa Sueiro Cardoso